

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E AS ASOCIACIÓN GALEGAS DE USUARIOS DE SOFTWARE LIBRE, PARA O DESENVOLVEMENTO DO SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

D. José Luis Somoza Digón, Xerente da Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia formalizou coas Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre (AGUSL) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31/12/2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o financiamento da realización de actuacións para o fomento do uso e divulgación do software e hardware libre en Galicia.. As actuacións que se desenvolverán en base a este Convenio de Colaboración son as seguintes:

- Organización ou participación activa en congresos, xornadas, conferencias, obradoiros ou eventos similares de promoción e divulgación do software e hardware libre. A participación neste tipo de actividades deberá vir avalada pola importancia do evento nacional ou internacionalmente dentro da comunidade do Software Libre.
- Asistencia como público a congresos, xornadas, etc, de recoñecido prestixio dentro da comunidade do Software Libre.
- Elaboración de contidos divulgativos e/ou formativos, que deberán publicarse cunha licenza de documentación libre. Así mesmo, as fontes deste material deberán ser postas a disposición Amtega en formatos



abertos para que poidan ser difundidas a través das canles precisas ao efecto.

- Desenvolvemento ou localización de proxectos de Software Libre que puidesen resultar de interese para a consecución dos obxectivos perseguidos neste convenio. Calquera software desenvolvido no marco deste convenio deberá ser publicado cunha licenza libre aprobada pola Free Software Foundation ou a Open Source Initiative e publicado no Repositorio de Software Libre de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase, por unha parte no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, que no seu artigo 6 establece que a Amtega ten entre as súas competencias o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Pola outra parte, en que as Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre (AGUSL) teñen comprendidas nas actividades recollidas no seu obxecto social contribuír ao desenvolvemento e progreso da Comunidade Autónoma de Galicia a través da difusión e potenciación das actividades relacionadas co Software e Hardware Libre así como a localización ao galego de aplicacións de Software Libre, substitución de ferramentas privativas por equivalentes libres e, con carácter xeral, a organización de xornadas, eventos, documentación de proxectos Software e Hardware Libre, etc.

A achega económica da Amtega ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:



- Desenvolver plans de formación para o crecemento da Sociedade da Información e a capacitación profesional nas tecnoloxías da información entre os profesionais e a sociedade en xeral.
- Incorporar a accesibilidade como condición indispensable das actuacións.
- Incrementar os contidos divulgativos en galego en Internet.
- Difusión e divulgación das vantaxes da incorporación das TIC en todos os sectores, así como do sector profesional das TIC.
- Contribuír á igualdade de xénero no sector das TIC.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

